



## CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2010

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE  
GALEGO

# REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: VII RALLYE SUR DO CONDADO GEDAS

PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 09, 10 e 11 de Xullo de 2010

<b>Programa Horario</b>	4
Taboeiro Oficial de Avisos	5
<b>Organización:</b>	5
Definición	5
Comité da Organización	5
Secretaría Comité da Organización	5
Oficiais do Rallye	6
<b>Modalidades Xerais</b>	8
Puntuabilidade	8
Descrición	8
Vehículos Admitidos	8
Concursantes admitidos	9
Solicitud de inscrición- inscricións	9
Dereitos de inscrición- seguro	9
<b>Obrigacións Xerais</b>	9
Publicidade	9
<b>Desenrolo da proba</b>	10
Recoñecementos	11
Hora Oficial do Rallye	11
Penalizacións	11
Premios e trofeos	11
Programa deportivos	12
Anexo I Licencias	12
Anexo II Libro de Rota	13
Anexo III Terminoloxía	15
Anexo IV Relacións cos concursantes	16
Anexo V Organización xeral da seguridade	17
Anexo VI Itinerario Horario	19
Anexo VII Parques de pechados, de traballo e final de asistencia	20
Anexo VIII Caravana Rallye	25
Anexo IX Ouvreurs	26

**PALMARÉS DA PROBA:**

POSTO	PILOTO / COPILOTO	VEHÍCULO
<b>ANO 2004</b>		
1º	Antonio VILLAR- Jose Ramón SEOANE	Peugeot 306 Maxi
2º	Alberto MEIRA- Álvaro BAÑOBRE	Renault Clio Sport
3º	Jorge PEREZ- Luis PEREZ	Renault Clio Maxi
<b>ANO 2005</b>		
1º	Manuel SENRA- Faustino SUAREZ	Peugeot 306 Maxi
2º	Alberto MEIRA- Álvaro BAÑOBRE	Mitsubishi Lancer Evo VIII
3º	José M. MARTÍNEZ- Manuel CAMPOS	Mitsubishi Lancer Evo VI
<b>ANO 2006</b>		
1º	José M. MARTÍNEZ- Manuel CAMPOS	Peugeot 306 Maxi
2º	Manuel SENRA- Faustino SUAREZ	Peugeot 306 Maxi
3º	Pedro BURGO- Marcos BURGO	Mitsubishi Lancer Evo VIII
<b>ANO 2007</b>		
1º	Pedro BURGO- Marcos BURGO	Mitsubishi Lancer Evo VIII
2º	Alberto MEIRA- Álvaro BAÑOBRE	Mitsubishi Lancer Evo IX
3º	José M. MARTÍNEZ- Manuel CAMPOS	Peugeot 306 Maxi
<b>ANO 2008</b>		
1º	Pedro BURGO- Marcos BURGO	Mitsubishi Lancer Evo VIII
2º	Alberto MEIRA- Álvaro BAÑOBRE	Mitsubishi Lancer Evo IX
3º	Pablo REY- Carlos AMENEIRO	Mitsubishi Lancer Evo IX
<b>ANO 2009</b>		
1º	Alberto MEIRA- Álvaro BAÑOBRE	Mitsubishi Lancer Evo IX
2º	Fernando RICO - Sergio MARTÍNEZ	Mitsubishi Lancer Evo VIII
3º	Rodrigo RODRÍGUEZ- Abraham RIVEIRO	Mitsubishi Lancer Evo IX

## I.- PROGRAMA - HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
05/06/10	10:00	Apertura de inscricións (Pilotos Inscritos no Campionato Galego)	ESCUDERÍA SURCO Rúa Marques de Viana, 14 Salvaterra de Miño 36450 Pontevedra Tlf: 986 205 716 Fax: 986 205 716 <a href="mailto:escuderiasurco@hotmail.com">escuderiasurco@hotmail.com</a>
12/06/10	10:00	Apertura de inscricións (Resto de Pilotos)	
01/07/10	20:00	Peche de inscricións	
02/07/10 03/07/10 04/07/10	08:30 a 12:00	Distribución do libro de ruta	Tapería O Ferrerio Rúa Rosalía de Castro, 26 Salvaterra de Miño
02/07/10 03/07/10 04/07/10	09:00 a 14:00 15:00 a 21:00	Autorización para Recoñecementos	Nos treitos en función da data elixida polo pilotos, e de acordo coa organización.
06/07/10	20:00	Publicación lista de inscritos	Secretaría do Rallye e Paxina Web <a href="http://www.rallyesurdocondado.org">www.rallyesurdocondado.org</a>
09/07/10	16:30 a 17:30	Verificacións Administrativas Voluntarias	Casa da Cultura Rúa Raíña dona Urraca Salvaterra de Miño
	17:31 a 18:30	Nº 01 a Nº38	
	18:31 a 19:30	Nº 39 a Nº76	
09/07/10	19:31 a 20:30	Nº 77 a Nº115	Nave de Autobuses Raul Polígono Industrial Salvaterra de Miño
	20:31 a 21:30	Nº 116 a Nº150	
	21:01 a 22:00	Nº 116 a Nº150	
	23:30	Hora límite presentación de Vehículos no parque pechado	Parque da Canuda Salvaterra de Miño
10/07/10	1:00	Publicación lista de autorizados a toma-la saída	
	08:00	Saída 1º participante 1ª sección	Parque Pechado Salvaterra de Miño
	10:20	Chegada 1º participante 1ª sección	Parque Reagrupamento "GEDAS"
	10:50	Saída 1º participante 2ª sección	
	13:46	Chegada 1º participante 2ª sección	Parque Reagrupamento "A CANUDA"
	16:01	Saída 1º participante 3ª sección	Parque Reagrupamento "GEDAS"
	18:29	Chegada 1º participante 3ª sección	
	18:59	Saída 1º participante 4ª sección	
	21:30	Chegada 1º participante 4ª sección	Parque Pechado "A CANUDA"
22:00	Verificacións final de Oficio	Talleres Mingos Casal s/n Salvaterra de Miño	
23:40	Publicación de resultados	Taboleiro Oficial de Avisos	
11/07/10	00:10	Reparto de premios e Trofeos	Podio do Rallye no Parque Pechado
11/07/10	00:40	Reparto de Premios en metálico	Oficina Permanente do Rallye

**NO CASO DE CHEGAR TARDE ÁS VERIFICACIÓN, TANTO ADMINISTRATIVAS COMO TÉCNICAS, IMPORASE UNHA SANCION DE 30 € POR CADA HORA OU FRACCIÓN**

**(1 Coche de Asistencia por Participante como máximo)**

## TABOEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 28 de Maio de 2010 as 10:00 horas, ata o día 9 de Xullo de 2010 as 15:30 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada en:

**ESCUDERÍA SURCO**

Rúa Marqués de Viana, 14

Salvaterra de Miño 36450 Pontevedra

Tif : 986 205 716

Fax: 986 205 716

Dende o día 9 de Xullo de 2010 as 15:30 horas, ata o día 11 de Xullo as 01:30 horas, na Oficina Permanente do Rallye, emprazada na Casa da Cultura , e no Parque Pechado sito no Parque da Canuda en Salvaterra de Miño.

## 2- ORGANIZACIÓN

### Artigo 1.- Organización.

#### Artigo 1.1.- Definición.

A **Escudería SURCO** organiza o **VII Rallye Sur do Condado Gedas**, que se desenvolverá dende o día 9 ó día 11 de Xullo do ano 2.010.

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas Prescricións Comúns os Campionatos e Copas de Galicia 2010, as Prescricións Comúns para Rallyes, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da Proba, no C.D.I. (e os seus anexos); as Prescricións Xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas FIA, e no seu caso, as condicións de organización comúns os Campionatos do Mundo, de Europa e de España de Rallyes e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobado pola Federación Galega de Automobilismo o día 8 de Maio de 2.010. A proba ten permiso o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -030- RA**.

#### Artigo 1.2.- Comité de Organización.

**PRESIDENTE** D. Álvaro Fernández González.

**VOCALIS**

- D. Marcos Fontán Ojea.
- D. Javier Carrera Estévez
- D. Cándido Carrera Estévez
- D. Jorge Parga Lorenzo.
- D<sup>a</sup> Marta González González.
- D. Iván Joaquín Roldán Carral.
- D. Manuel Carballo Logo.
- D. Diego González Martínez.
- D<sup>a</sup> Laura Piñeiro Gontá.
- D. Sergio Fernández Francisco.
- D. Bernabé Soliño Deben

**SECRETARIO** D. Ignacio José Davila Estévez

Dirección da Secretaría do Comité Organizador :

**ESCUDERÍA SURCO**

Rúa Marqués de Viana, 14

Salvaterra de Miño 36450 Pontevedra

Tif : 986 205 716

Fax: 986 205 716

e-mail: [escuderiasurco@hotmail.com](mailto:escuderiasurco@hotmail.com)

### Artigo 1.3.- Oficiais.

#### Comisarios Deportivos

##### *Presidente*

D. Manuel Esperón Alonso	GA-0006-OA1 <sup>a</sup>
D. Manuel Ramos Iglesias	GA-0889-OA
D. Álvaro Fernández González	GA-1372-OA

##### Observador da F.G.A.

D. Humberto González Bermúdez	GA-0015-OBS
-------------------------------	-------------

##### Director de Carreira

D. Fernando Fernández Fernández	GA-0523-OA
---------------------------------	------------

##### Directores Adxuntos

D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Jesús Rguez. Lavandeira	GA-0890-OA
---	------------

##### Secretario da Proba

D. José Veiga Figueroa	GA-1373-OA
------------------------	------------

##### Comisarios de Verificacións Administrativas

D <sup>a</sup> . Manuela González Díaz	GA-0525-OB
D <sup>a</sup> . Marta González. Glez.	GA-1376-OB

#### Comisarios Técnicos

##### *Xefe*

D. Javier Fernández López	GA-0113-OC1 <sup>a</sup>
D. Ignacio José Davila Estévez	GA-0114-OC
D. Pablo Manuel López Pérez	GA-1129-OC

##### Xefes de Treito

D. Fernando Fontán Jamardo	GA-1377-OA
D. Manuel Carballo Logo	GA-0524-OA

##### Xefes de Seguridade Treitos

D. David Cerdeira Canicoba	GA-0117-OA.
D. Javier Carrera Estévez	GA-1374-OA

##### Relacións cos Participantes

D <sup>a</sup> . Noemí Blas Prieto	GA-0122-OA
------------------------------------	------------

##### Xefe de Parque Pechado

D <sup>a</sup> . Laura Piñeiro Gontá	GA-0266-OA
--------------------------------------	------------

##### Xefe de Parque de Traballo

D. Avelino Rodríguez Ameijeira	GA-1379-OB
--------------------------------	------------

##### Oficial de Parques

D. José Luis Ríos Varela.	GA-0897-OB
---------------------------	------------

##### Pechados e de Traballo

D. José Luís González Ramírez	GA-0125-OA
-------------------------------	------------

##### Relacións coa Prensa

D. Jesús Castro Taboada	GA-0163-OA
-------------------------	------------

##### Responsable de Cronometraxe

D. Iago Fernández González	GA-1380-OA
----------------------------	------------

##### *Responsable Copas Promoción*

D. Ángel Longueira Carballo	GA-0010-OA
-----------------------------	------------

##### Xefe de Comisarios de Bandeiras

D. Iván Álvarez Martínez	GA-1382-OA
--------------------------	------------

#### Cronometradores

C.H. Saída Parque	D <sup>a</sup> . Manuela González Díaz	GA-0525-OB
C.H.1.	D. Martín Villanueva Rodríguez	GA-0134-OB
C.H.S.1	D. Sergio Rial Dosil	GA-0140-OB
C.H.LL.1	D. Iván González Liñares	GA-0132-OB
STOP 1	D. José Nogueira Pena	GA-0141-OB
C.H.2.	D. José Antonio Iglesias Alonso	GA-0128-OB
C.H.S.2	D. Eduardo Moldes Estévez	GA-1375-OB
C.H.LL.2	D. Sergio Fernández Francisco	GA-0526-OB

STOP 2	D. Vicente Gallego Suárez	GA-1378-OB
C.H.LL. Asistencia	D. Diego Iglesias López	GA-0899-OA
C.H.S. Asistencia	D. Miguel Puga Sexto	GA-0898-OA
C.H.LL. Parque	D <sup>a</sup> . Verónica Iglesias Castro	GA-0893-OB
<b><u>Comisarios de Ruta</u></b>	D. Antonio Crespo Iglesias	GA-0146-OD
	D. César Méndez Coego	GA-0149-OD
	D. David Romero Filgueira	GA-0152-OD
	D. Fabián Saavedra Barros	GA-0900-OD
	D. Juan José Guerra Castro	GA-0901-OD
	D. Carlos Martínez Villanueva	GA-0902-OD
	D. Ángel Iglesias López	GA-0903-OD
	D <sup>a</sup> . Lidia Ramos Rodríguez	GA-0904-OD
<b><u>Coordinador Servizos Médicos</u></b>	D. Francisco Javier Iglesias Mato Colexiado Nº 363202358	
<b><u>Médicos da Proba</u></b>	BDM	
<b><u>Vehículo "MEGAFONÍA"</u></b>	D. Alejandro Fernández Mosquera	GA-0130-OB
	D <sup>a</sup> . Marta González. Glez.	GA-1376-OB
<b><u>Vehículo "SEGURIDADE VIAL"</u></b>		
<b>Xefe</b>	D. Iván Álvarez Martínez	GA-1382-OA
	D. Antonio Jorge García	GA-0162-OD
<b><u>Vehículo "0 - DIRECTOR NA ESTRADA"</u></b>		
	D. Marcos Fontán Ojea	GA-1381-OA
	D. Daniel Viana Lorenzo	GA-0160-OD
<b><u>Vehículo "00 - ESCOBA"</u></b>		
	D. Iago Fernández González	GA-1380-OA
	D. Mateo Varela Fernández	GA-0159-OA
<b><u>Central de Datos</u></b>	D. Bernabé Soliño Deben	GA-1383-OB
<b><u>Servizo de informático</u></b>	Surco Informática	
<b><u>Servizo de Ambulancias</u></b>	Ambulancias BDM	
<b><u>Centros Asistenciais</u></b>	Hospital do Meixoeiro Hospital de Fátima	
<b><u>Servizo de Guindastres</u></b>	Talleres Olimar – Reiriz Sport- Grúas Varela	

Un Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser ocupados por un piloto e copiloto que deberán estar en posesión da licenza correspondente expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

### 3.- MODALIDADES XERAIS

#### Artigo 2.- Puntuabilidade.

O VII Rallye Sur do Condado GEDAS é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

- Campionato de Galicia de Rallyes sobre Asfalto (Grupos N, A e X), con coeficiente 8.
- Copa de Galicia de Rallyes para Pilotos (Grupos N, A e X).
- Copa de Galicia de Rallyes para Navegantes (Grupos N, A e X).
- Copa de Galicia de Rallyes para o Grupo "N".
- Copa de Galicia de Rallyes para o Grupo "A".
- Copa de Galicia de Rallyes para o Grupo "X".
- Copa de Galicia de Rallyes para Escudaría (Grupos N, A e X).
- Copa de Galicia de Rallyes para Marcas (Grupos N e A).
- Copa Top Ten Driver Pirelli 2010.
- Volante RACC – Galicia 2010.
- Copa Kumho 2010.
- II Trofeo Curuxarallye.

E as que designe a Federación Galega de Automobilismo.

#### Artigo 3.- Descrición.

O VII Rallye Sur do Condado GEDAS, consta dun percorrido de **320,90 Quilómetros**, dos cales **91,06** corresponden a **OITO** Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas o tráfico; está dividido en **1 Etapa** e **4 Seccións**. O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Controis de Paso, Neutralizacións e Reagrupamentos.

O Rallye terá 5 Parques de Asistencia.

#### Artigo 4.- Vehículos Admitidos.

Nos Rallyes puntuables para o Campionato de Galicia serán admitidos os vehículos correspondentes os Grupos "N" e "A" do vixente Anexo "J" do Código Deportivo Internacional, de acordo coa normativa dictada pola F.I.A. Admitiranse os vehículos do Grupo "X", segundo a normativa da F.G. de A.

Os efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes clases de cilindrada :

##### Grupo "N" :

- Clase 1 ... Ata 1.300 c.c.
- Clase 2 ... De mais de 1.300 ata 1.600 c.c.
- Clase 3 ... De mais de 1.600 ata 2.000 c.c.
- Clase 4 ... De mais de 2.000 c.c.

##### Grupo "A" :

- Clase 5 ... Ata 1.000 c.c.
- Clase 6 ... De mais de 1.000 c.c. ata 1.300 c.c.
- Clase 7 ... De mais de 1.300 c.c. ata 1.600 c.c.
- Clase 8 ... De mais de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.
- Clase 9 ... De mais de 2.000 c.c.

##### Grupo "X" :

- Clase X-11 ... Ata 1.300 c.c.
- Clase X-12 ... De mais de 1.300 c.c. ata 2.000 c.c.
- Clase X-13 ... De mais de 2.000 c.c.

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase coa saída dun só vehículo.

#### Artigo 5.- Concursantes Admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase a ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2.010 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.



## Artigo 6.- Solicitud de Inscripción - Inscripcións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no VII Rallye Sur do Condado GEDAS, deberá remitir a solicitude de Inscripción, debidamente cumprimentada á Secretaría do Rallye, sita en :

### ESCUDERÍA SURCO

Rúa Marqués de Viana, 14  
Salvaterra de Miño 36450 Pontevedra  
Tlf:986205 716  
Fax:986 205 716  
e-mail: [escuderiasurco@hotmail.com](mailto:escuderiasurco@hotmail.com)

### ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 1 de Xullo de 2010.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata o día 9 de Xullo de 2.010.

6.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **150** vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

- Na Secretaría da Proba.
- Na conta corrente **2080-0608-55-0040000190** de **CAIXANOVA** Sucursal de **Salvaterra de Miño**

6.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos.

## Artigo 7.- Dereitos de Inscripción - Seguros

7.1.- Os Dereitos de Inscripción fíxanse en :

- 7.1.1.- **330 Euros + IVE** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.  
7.1.2.- **660 Euros + IVE** refusando esta publicidade.

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

7.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

7.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados a os equipos cuxas Inscripcións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

## 4.- OBLIGACIÓN XERAIS

### Artigo 8.- Publicidade

A publicidade proposta polo Organizador será a seguinte:

<b>Obrigatoria</b>	- Nos Números de Competición :	<b>Desguaces Gil</b>
	- Nos Números de Competición :	<b>FRIMOS Refrixeración Industrial</b>
<b>Facultativa</b>	-Aletas Dianteiras:	<b>Reiriz Sport</b>
	- Aletas Traseiras :	<b>Lusaima</b>

Os Concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reservar os emplacements seguintes:

Un espazo de 30 x 20 nas aletas dianteiras e traseiras

A colocación dos Números e da Publicidade Facultativa, deberá facerse respectando o seguinte debuxo :



## 5.- DESENROLO DA PROBA

### Artigo 9.- Recoñecementos

9.1.- Os recoñecementos Oficiais efectuaranse os días **2, 3 e 4 de Xullo de 2010**, segundo o criterio que establecerá o Comité Organizador, mediante Comunicado que se entregará a tódolos participantes.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de **TRES** pasadas por Treito Cronometrado.

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con **5 minutos** mais unha sanción económica de **300 €**, o inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con **“NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA”**, ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.3.- Por incorrer nunha infracción nos puntos **9.2.1 e 9.2.2** será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de Expediente Disciplinario no seu caso.

9.3.- Si unha Escudaría fai un Treito Cronometrado, na mesma Tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo Treito por outra Entidade Organizadora.

9.4.- Só se poderá efectuar os Recoñecementos dos Treitos Cronometrados un día por cada equipo participante, a escoller de entre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días. Así mesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos Treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo.

9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto **1428/2003** de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo **339/1990** de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse unhas adhesivos transparentes e numeradas (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo Treito, implicará a descalificación a tódolos

efectos (con perda dos Dereitos de Inscripción) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

### Artigo 10.- Hora Oficial do Rallye.

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida por Os Cronómetros da F.G. de A.

### Artigo 11.- Penalizacións.

As penalizacións son as previstas no Regulamento -Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2010.

### Artigo 12.- Premios

Os Premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes :

Premios clasificación Xeral Scratch (Grupos N,A e X):

Coeficiente 8	
1º	2.100,00 €
2º	1.500,00 €
3º	1.200,00 €
4º	900,00 €
5º	700,00 €
6º	550,00 €
7º	420,00 €
8º	300,00 €
9º	220,00 €
10º	160,00 €
<b>Total</b>	<b>8.050,00 €</b>

Premios Clasificación por Clase (N-1 a X-13)

Coeficiente 8	
1º	200,00 €
2º	160,00 €
3º	120,00 €
<b>Total:</b>	<b>5.760,00 €</b>

Resumen:

Coeficiente 8	
<b>Total Premios</b>	<b>13.810,00 €uros</b>

NOTA: Entregaranse 1 trofeo ós 10 primeiros clasificados da Xeral Scratch (10), un ó primeiro de cada clase (12) e un á primeira Escudería (1).

**Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.**

Don Fernando Fernández Fernández, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, có número GA-0523-OA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Salvaterra de Miño , a 7 de Maio de 2.010

Asdo .- Fernando Fernández Fernández  
 Director da Proba  
 N.I.F.- 36.027.826-G

Entidade : Escudería Surco  
 C.I.F. : G-36.395.788

Asdo. (Presidente) .- D. Marcos Fontán Ojea

---

---

## PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

---

---

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	09 de Xullo de 2010	20:10	Casa da Cultura Rúa Raíña dona Urraca Salvaterra de Miño
2ª		23:00	
3ª	10 de Xullo de 2010	23:00	

### ANEXO I

#### RALLYES, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM e 4x4 CONCENTRACIÓNS

1.- Por acordo asembleario, votado por unanimidade, e normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada 2009 e seguintes : **Unicamente se poderá participar coa licenza autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.**

2.- Para puntuar nos Campionatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para os Concursantes e Participantes (Pilotos, Navegantes e Asistencias) estar en posesión das licenzas autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, deberán admitir obrigatoriamente a participación con licenzas autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo; no caso contrario a proba non se admitirá en ditos Campionatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola Federación Galega de Automobilismo.

4.- De existir convenios de aceptación-reprocidade na materia de participación (non puntuación) con outras Federacións (ámbito de licenza) Autonómicas, Nacionais e Internacionais, terase en conta excepcionalmente. De forma que si non existise o convenio, unicamente se poderá participar coa licenza Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

5.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais da Federación Galega de Automobilismo a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo Galego.

6.- Por acordo Asembleario de data 13 de Decembro de 2008, transcríbese literalmente a adopción do acordo vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A., para a tempada 2009 e sucesivas: En tódalas actividades relacionadas co automobilismo que se desenrolen na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan de tipo deportivo, competitivo, lúdicas, de exhibición, paseos de elegancia, de regularidade, puntuables para os Campionatos Galegos, ou non, ou de calquera outro tipo, organizadas por entidades deportivas, escuderías ou persoas físicas, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, non estará permitida a exclusión ou restricción da participación nas mesmas de persoas ou entidades que contén con licenza en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e terá a consideración de incumprimento de "especial gravidade", con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.

## ANEXO II

### LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

#### CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba cara abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ao principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta quilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións moi próximas, é dicir, con distancia inferior a 200 m, non serán separadas entre si.
- 9.- Toda información que non poida ser facilmente identificable dende a estrada deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre la ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer escuadrados, e si hai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comezará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada debuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser facilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



#### **SUXERENCIAS:**

- 1.- Indica-la velocidade media dos Treitos de Enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (exemplo panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical. Tódolos puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.

## MODELO DE FOLLA DE LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK)



SECCIÓN:	1	C.H.S. <b>TREITO A-1 Pontearas</b>	5	DISTANCIA:	40,40 Km.
SECTOR:	4	C.H.LL. <b>TREITO B-1 Arbo</b>	6	TEMPO A EMPREGAR:	50'
				PROMEDIO:	48,24 Km/h

DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓN	Kms. Próximo C.H.
TOTAL	PARCIAL			
0,00	0,00	1 	LOCAL  	40,40
1,00	1,00	2 	LOCAL  <b>LIRA</b> CO NCELLO DE SALVATERRA  CASA ABANDOADADA 	39,40
2,40	1,40	3 	LOCAL  MURO DE PASTAS 1.- PORTAL NEGRO 2.- PORTAL BRANCO 	38,00
2,90	0,50	4 	LOCAL  MURO DE PIEDRA SEÑAL DO REVES MURO DE BLOQUES CON PORTAL BRANCO 1.- CASA AMARELA E MARRON	37,50
4,00	1,10	5 	LOCAL   1 MURO DE BLOQUES  	36,40

PAX: 25

## ANEXO III TERMINOLOXIA

<b><u>Sector de enlace</u></b>	Itinerario comprendido entre dous controles horarios sucesivos.
<b><u>Sección</u></b>	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none"><li>- entre a saída dunha Etapa e o primeiro reagrupamento.</li><li>- entre dous reagrupamentos sucesivos.</li><li>- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do Rallye.</li></ul>
<b><u>Etapa</u></b>	Cada unha das partes do Rallye separadas por unha parada de polo menos oito horas, ou por unha parada polo menos igual á duración do recorrido efectuado, si este e inferior a sete horas.
<b><u>Neutralización</u></b>	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calquera razón.
<b><u>Reagrupamento</u></b>	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
<b><u>Parque Pechado</u></b>	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos Internacionais e polo Regulamento particular da proba.
<b><u>Complemento</u></b>	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a este último.  Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario.  Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou Membros dos equipos deben acusar recibo mediante firma.
<b><u>Carné de Control</u></b>	Carné destinado a recoller os visados dos diferentes controles establecidos no itinerario.  Este Carné debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carné de control distinto para cada unha das seccións.
<b><u>Treito cronometrado</u></b>	Proba de velocidade en estrada, pechada ao tráfico normal.

## ANEXO IV

### ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS CONCURSANTES MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexio de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de tódalas decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por iso e conveniente:

- 1) Que leve unha identificación rechamante.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluír a súa fotografía e o seu número de teléfono no Regulamento particular, ou nun Complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

#### PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESENROLO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do Rallye (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do Rallye).

#### Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se expoñan.
- Dar todas as informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

#### Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas e solicitudes satisfactorias para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dubidas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.



Noemí Blas Prieto  
Licenza: GA-0122-OA  
Telefono: 625 43 35 66



## ANEXO V

### 1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

#### a) Plan de Seguridade:

Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de localización da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Hospital.
- Servizo Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servizos de grúas.
- Cruz Roxa.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Planes de seguridade de todos os treitos cronometrados.

#### b) Xefe de Seguridade Viaria

No Regulamento particular do Rallye nomearase un Xefe de Seguridade Viaria, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o Rallye estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída dos treitos cronometrados (por teléfono ou por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

#### c) Control

O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

### 2) SEGURIDAD NOS TREITOS CRONOMETRADOS

#### a) Servizos de asistencia

Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 médico (preferentemente reanimador).
- 2 ambulancias equipada.
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 12 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

De acordo co perigo, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord do treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Así mesmo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

## b) Medidas preventivas

### Sinalización:

As estradas e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

### Intervención:

Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respectar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteis, cintas, pitos e altofalantes.
- Sempre que sexa posible, advertir aos equipos por medio de bandeiras amarelas.

### Información:

Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Taboleiros con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altofalantes que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

## c) Vixilancia

Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm. x 50 cm. sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE cun número 0 (Peché dos Treitos) ou 00 (Apertura dos Treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar unha bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un piloto con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquera incidente. Unha rede de radio (con unha implantación polo menos cada 3 Kms.), específica para cada treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do Rallye.

## d) Evacuación

Debe preverse un itinerario de evacuación para cada treito cronometrado.

Os servizos de urxencia dos hospitais deben estar en estado de alerta.

## 3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE

O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poboacións e cidades.

O condutor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en tódolos treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinto de seguridade en todo o percorrido da proba.

## ANEXO VI

<b>ITINERARIO HORARIO VII Rallye Sur do Condado GEDAS</b>									
Sector	C.H.	Localización	Km. Treito	Km. Enlace	Km. Total	Tempo	Vel Media	Hora	
<b>1ª Sección</b>	1	1	Saída Parque Pechado "A Canuda"					8:00	
		2	Parque pechado a Parque Asistencia "A"		4,30	4,30	0:07	36,86	8:07
	2	<b>Parque Asistencia "A"</b>			<b>4,30</b>	<b>4,30</b>	<b>0:10</b>		
		3	3	Saída Parque Asistencia "A"					8:17
	4		Parque de asistencia a Treito Electricidad Condado		16,80	16,80	0:22	45,82	8:39
	4	5	<b>A-1 Electricidad Condado</b>	<b>12,00</b>			<b>0:03</b>		<b>8:42</b>
		6	Electricidad Condado a Treito Arbo		20,35	32,35	0:40	48,53	9:22
	5	7	<b>B-1 Áridos do Mendo</b>	<b>11,98</b>			<b>0:03</b>		<b>9:25</b>
8		Arbo a Parque Reagrupamento "GEDAS"		26,52	38,50	0:55	42,00	10:20	
<b>2ª Sección</b>	6	9	Saída Parque Reagrupamento "GEDAS"				0:30	10:50	
		10	Parque Reagrupamento a Parque de Asistencia "B"		7,90	7,90	0:11	43,09	11:01
	7	<b>Parque Asistencia "B"</b>		<b>23,98</b>	<b>63,67</b>	<b>78,75</b>	<b>0:30</b>		
		8	11	Saída Parque Asistencia "B"					11:31
	12		Parque de asistencia a Treito Electricidad Condado		16,80	16,80	0:30	33,60	12:01
	9	13	<b>A-2 Electricidad Condado</b>	<b>12,00</b>			<b>0:03</b>		<b>12:04</b>
		14	Electricidad Condado a Treito Arbo		20,35	32,35	0:40	48,53	12:44
	10	15	<b>B-2 Áridos do Mendo</b>	<b>11,98</b>			<b>0:03</b>		<b>12:47</b>
16		Arbo a Parque Reagrupamento "A Canuda"		26,02	38,40	0:59	39,05	13:46	
<b>3ª Sección</b>	11	17	Saída Parque Reagrupamento "A Canuda"				2:15	16:01	
		18	Parque Reagrupamento a Parque de Asistencia "C"		4,30	4,30	0:12	21,50	16:13
	12	<b>Parque Asistencia "C"</b>		<b>23,98</b>	<b>67,47</b>	<b>75,05</b>	<b>0:45</b>		
		13	19	Saída Parque Asistencia "C"					16:58
	20		Parque de asistencia a Treito Salceda		12,00	12,00	0:20	36,00	17:18
	14	21	<b>C-1 Talleres Sermiño-Yañez</b>	<b>12,00</b>			<b>0:03</b>		<b>17:21</b>
		22	Treito Salceda a Talleres Mingos		16,85	28,85	0:40	43,28	18:01
	15	23	<b>D-1 Talleres Mingos</b>	<b>9,55</b>			<b>0:03</b>		<b>18:04</b>
24		Talleres Mingos a Parque Reagrupamento "GEDAS"		7,65	17,20	0:25	41,28	18:29	
<b>4ª Sección</b>	16	25	Saída Parque Reagrupamento "GEDAS"				0:30	18:59	
		26	Parque Reagrupamento a Parque de Asistencia "C"		7,90	7,90	0:11	43,09	19:10
	17	<b>Parque Asistencia "D"</b>		<b>21,55</b>	<b>44,40</b>	<b>53,95</b>	<b>0:30</b>		
		18	27	Saída Parque Asistencia "D"					19:40
	28		Parque de asistencia a Treito Salceda		12,00	12,00	0:25	28,80	20:05
	19	29	<b>C-2 Talleres Sermiño-Yañez</b>	<b>12,00</b>			<b>0:03</b>		<b>20:08</b>
		30	Treito Salceda a Talleres Mingos		16,85	28,85	0:40	43,28	20:48
	20	31	<b>D-2 Talleres Mingos</b>	<b>9,55</b>			<b>0:03</b>		<b>20:51</b>
		32	Talleres Mingos a Parque Asistencia "E"		8,15	17,70	0:22	48,27	21:13
	21	<b>Parque Asistencia "E"</b>		<b>21,55</b>	<b>37,00</b>	<b>58,55</b>	<b>0:10</b>		
22		33	Saída Parque de Asistencia "E"					21:23	
	34	Entrada a Parque Pechado "A Canuda"		4,70	4,70	0:07	40,29	21:30	
<b>TOTAIS RALLYE</b>			<b>91,06</b>	<b>229,44</b>	<b>320,90</b>	<b>13:30</b>			

## ANEXO VII

### PARQUES PECHADOS E DE TRABALLO (ASISTENCIAS)

- 1.- Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concursante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s
- 2.- No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos o Técnicos.
- 3.- O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado e os lugares dos Parques de Traballo, (con marcaxe obrigatorio das rodas) así como a hora límite de entrada.
- 4.- O Parque Pechado, e os Parques de Traballo contarán cas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.
- 5.- Os Parques Pechados e os de Traballo serán controlados por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.

#### 6. Parques de Traballo

**6.1** Os organizadores terán que designar obrigatoriamente parques de traballo, nos seus regulamentos particulares, e terán que prohibir tódalas asistencia nos inter treitos. Os organizadores tomarán as medidas necesarias que controlen especialmente este punto.

**6.2.** A hora límite de entrada o P.T. dos vehículos autorizados será polo menos dende as 20:00 horas do venres do comezo do rallye ata unha hora antes da hora teórica de entrada do primeiro participante o P.T.; quedando ó criterio dos organizadores o poder modificar dita hora límite.

**6.3.** Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que esté limitado ou controlado o paso do público, tamén o tránsito do público non poderá interferir na cronometraxe nos controis de entrada e saída do parque.

**6.4.** Os P.T. deberán estar indicados no itinerario-horario do rallye cun C.H. de entrada e outro C.H. de saída (as distancia de 25 m na sinalización de controis, quedan reducidas a 5 m como mínimo).

**6.5.** Se o Organizador prevé un Reagrupamento e un P.T. seguidos, o orde deberá ser: 1º o Reagrupamento e 2º o P.T.

**6.6.** Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores no parque e un vehículo contra incendios, si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.

**6.7.** Nos P.T. deberán prever obrigatoriamente servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos.

Así mesmo serán válidos os servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.

**6.8.** Os P.T. deberán establecerse de acordo cos seguintes criterios:

- a) Nº de Treitos Cronometrados entre P.T. serán como mínimo 1 e un máximo 3
- b) Serán un número máximo de 6, o 1º terá unha duración de 10 minutos antes do 1º treito cronometrado, e o resto terán unha duración de 30 minutos. Os neumáticos só se poderán cambiar nos parques de traballo exclusivamente, agás do parque de asistencia de chegada do rallye.
- c) O emprazamento dos P.T. debe ser único, salvo autorización expresa da F.G.A.
- d) Entre os parques de asistencia onde existan treitos cronometrados non se poderán superar os 150 km. de percorrido total.

**6.9.** A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de exclusión da proba a criterio dos Comisarios Deportivos.

**6.10.** O espazo para asistencia por participante deixase a criterio do Organizador en función do tamaño do P.T.

**6.11.** O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos

participantes nas mesmas.

**6.12.** Recomendase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T., así como o lugar asignado a cada vehículo. Para elo os equipos deberan indicar se comparten asistencia e deberan ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

**6.13.** Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas súa chegada, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

**6.14.** Vehículos admitidos nun Parque de Traballo

a) Soamente un ou dous vehículos de Asistencia, como máximo e a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de “Asistencia” entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. .Recomendase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes. Se varios equipos comparten asistencia entregarase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos.

b) Será de obrigatorio cumprimento , a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, responsable, etc. A notificación á organización será prevista na folia de inscrición, tendo como prazo límite o venres nas verificacións administrativas. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non este completamente identificado.

c) Durante o desenrolo da proba, non poderán entrar nin saír do P.T. estes vehículos, soamente poderán entrar e saír se o organizador preveu un aceso independente para as asistencias, ou no paro do mediodía. A entrada dun vehículo e asistencia no PT habendo saído con anterioridade, no transcurso da proba (agás no parón do mediodía), poderá levar consigo a non autorización da entrada de novo PT. da mesma maneira, tomarase nota de cada vehículo non inscrito que permaneza no PT. Quedará completamente prohibida a entrada de calquera vehículo que non sexan os participantes dentro do tempo de parque de asistencia.

d) A F.G.A. terá dereito a un máximo de DOUS vehículos para actuar no P.T. sempre que este convocada al menos unha Copa de promoción para dar servizo os equipos inscritos nestas copas. Deberase prever un espazo de 10 x 10 metros para montar unha oficina de atención os equipos inscritos nas citadas Copas de promoción.

e) As dúas placas de Asistencia autorizadas serán gratuítas. As demais placas que solicite un Concursante, de acordo ca regulamentación antes citada, o Organizador poderá establecer un prezo máximo de 150 euros por placa.

## 7.- Repostaxes (Refuelling)

As repostaxes teranse que facer nos parques de traballo, e nas estacións de servizo, ubicadas no percorrido do rallye, e terán que estar indicadas no libro de ruta (Road Book).

**7.1.** No parque de traballo no momento do repostaxe deberase cumprir as seguintes condicións:

- Afastar os fumadores.
- Repostar o vehículo co motor parado.
- Se os membros do equipo están no interior do vehículo, deberán ter os cinturóns de seguridade desabrochados.
- Excepto nos vehículos que teñen prevista unha toma de presión para a repostaxe, este deberá levarse a cabo por gravidade o bombas manuais, para o que recomendase a utilización de bidóns de repostaxe según normas FIA provistos de acoplamentos estancos y respiradeiros. En calquera caso, a capacidade dos bidóns de repostaxe queda limitada a 25 litros.

Se o bidón está elevado por encima do chan, en ningún caso o nivel de reserva de carburante

No bidón poderá estar a unha altura superior a 3 metros durante tódala operación.

**7.2.** Nas estacións de servizo, so está autorizado repostar directamente dos surtidores comerciais nas seguintes condicións:

- .- A única operación autorizada é o repostaxe de combustible.
- .- A repostaxe terase que realizar sen ningunha axuda exterior, agás dos empregados da propia estación de servizo.

## 8 Neumáticos.

**8.1.** Os neumáticos a empregar deben estar de acordo ca regulamentación F.I.A. para rallyes, estando expresamente prohibidos os neumáticos “slicks”, “slicks raiados” y los neumáticos con “mousse”. Os vehículos de categoría GT autorízaselles a montaxe de neumáticos Michelin PR-20, de dimensións 27-65-18”, raiados polo fabricante.

**8.2.** Están autorizados un máximo de 5 neumáticos por vehículo entre Parques de Traballo.

**8.3.** A saída dun P.T. marcaranse tódolos neumáticos colocados no vehículo (incluso o de repostos). A chegada do próximo P.T., o vehículo deberá levar unicamente os neumáticos marcados no P.T. anterior.

**8.4.** Para facilitar a marcaxe dos neumáticos, deberase dispor un espazo acotado inmediatamente despois do C.H. de saída do parque de Traballo, ver croques explicativo de montaxe Nº1. Ca única finalidade de axudar o procedemento de marcaxe, un membro do equipo poderá ter acceso a este espazo. Para esta operación a Organización está obrigada a dar un suplemento de 5 minutos extra no sector de que se trate, e así mesmo indicalo no Itinerario Horario da proba.

**8.5.** O tallado dos neumáticos esta autorizado exclusivamente nos P.T.

**8.6.** Os cambios de neumáticos realizaranse unicamente nos P.T. fora dos mesmos, soamente os membros do equipo poderán realizalos cos medios de a bordo pero respetando sempre o disposto no apartado 8.2.

**8.7.** Entre o último parque de traballo e a chegada do rallye, os neumáticos a utilizar son libres (respetando o resto de normativa do presente artigo).

**8.8.** Está autorizado o uso de quantadores de neumáticos, soamente dentro dos P.T.

**8.9.** Nas Copas de promoción, o modelo e número total de neumáticos a empregar será o que estipulen nos regulamentos particulares das mesmas, non podendo superar o número máximo establecido no presente artigo.

**8.10.** O procedemento da marcaxe das rodas:

- a) Marcaranse a llantas cas pegatinas en PVC troqueladas segundo normativa FIA
- b) Poderase marcar os neumáticos con rotuladores de diferentes cores.
- c) Recomendase un mínimo de tres comisarios para realizar a marcaxe.




**8.11.** Se na saída dun P.T. se atopase un neumático non conforme, este deberase substituír por outro. O neumático non conforme considerarase nulo e quedara en poder dos Comisarios Técnicos. O tempo concedido para o Sector do que se trate, non poderá ser ampliado.

**8.12.** O control da marcaxe dos neumáticos realizarase entre o Control Horario precedente o treito Cronometrado e a saída de dito Treito, ver croques explicativo de montaxe Nº2, tamén nos C.H. de entrada os P.T. poderase realizar unha comprobación da marcaxe.


**8.13.** Toda infracción concernente a normativa dos neumáticos, comprobada polos Oficiais da proba, entrañará unha penalización, podendo chegar a exclusión da proba.

### CROQUES EXPLICATIVO Nº1 MARCAXE DE NEUMATICOS



## Croquis Explicativo nº2

### Montaxe Saida e Control Marcaxe Neumaticos




## LOCALIZACIÓN DO PARQUE PECHADO, VERIFICACIÓN ADMINISTRATIVAS E VERIFICACIÓN TÉCNICAS

O parque Pechado estará situado no Parque da Canuda en Salvaterra de Miño  
As verificacións Administrativas estarán situadas na Casa da Cultura de Salvaterra de Miño, Rúa dona Urraca.

## LOCALIZACIÓN DOS PARQUES DE REAGRUPAMENTO E ZONA DE ASISTENCIAS

Os Parques de asistencia estarán situados na Campa de Oleiros, Salvaterra de Miño, na estrada PO-400





## **ANEXO VIII**

### **CARAVANA RALLYES**

En tódolos Rallyes a celebrar en Galicia muda a Caravana de Vehículos Oficiais, quedando da seguinte maneira:

**Xefe de Seguridade Treito:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo tramo antes da hora de peche, para acomete-lo peche e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

**Megafonía:** Sairá ó tramo, para informar ós espectadores, 60 minutos antes da saída do número 1.

**Ouvreurs:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo treito 55 minutos antes da hora prevista de saída do primeiro participante, circulando con precaución e de maneira prudente.

**Observador Federación:** Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do tramo.

**Xefe de Seguridade Vial:** Estará debidamente acreditado no número de participante, e discorrerá polo tramo, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Tramo, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do mesmo.

**Director de Proba na estrada. Vehículo "0":** Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do Rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo tramo o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do tramo e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

**Vehículos participantes:** Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no tramo.

**Xefe de Seguridade Tramo:** Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarceracións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do tramo.

**Escoba na Estrada. Vehículo "00".** Despois de finalizado o paso de tódolos participantes, transcorrido o tempo regulamentado, saíra ó tramo e recollerá os Carnets de Ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o tramo a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

**Advertencia:** Ningún vehículo de competición poderá exercelas funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilzalos, a partir da tempada 2010 inclusive, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licencia de oficial OA para facelo seu cometido.

**Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos:** En todos os rallyes os Presidentes dos Colexos de Comisarios Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-OA1ª ou GA-OC1ª, obrigatoriamente.

**Nova normativa Comisarios Técnicos:** Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirse unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibí da entrega na copia.

## ANEXO IX

### OUVREURS

1.- Tódolos equipos que estean interesados en adquirir este privilexio terán que solicitalo por escrito á Comisión Galega de Rallyes, da Federación Galega de Automobilismo, incluíndo:

- A.- Escrito, solicitude.
- B.- Vehículo de serie a utilizar, matrícula, modelo, seguro, etc.
- C.- Licenza de piloto, do condutor, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.
- D.- Licenza de copiloto, do acompañante, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- Os vehículos dos “ouvreur” teranse que inscribir en cada proba, cumprimentando o boletín que lles facilite a organización, no que deberán de figurar obrigatoriamente os datos do condutor e do seu acompañante, os cales deberán estar en posesión da licenza en vigor de Piloto e Copiloto, ademais dos datos completos do vehículo a empregar nesta tarefa. Estes vehículos débense asegurar ó igual que os vehículos participantes de rallye.

3.- A inscrición por vehículo “ouvreur” ascende a 300 €.

4.- A inscrición terase que ingresar conxuntamente, coa do participante, ó organizador do rallye.

5.- Ningunha inscrición, de vehículo “ouvreur” será aceptada polo organizador sen incluía fotocopia - certificado de autorización da Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

6.- Cada “ouvreur” deberá pasar verificacións administrativas, o mesmo tempo que o seu vehículo participante.

7.- Os vehículos “ouvreur” portarán números iguais ós dos participantes, coa salvedade que en vez de números refrectantes serán letras do alfabeto correlativo, exemplo: A, B, C, D, E, F, G, H, etc. Que irán colocados nas portas dianteiras do vehículo, a maiores poderase entregar unha identificación para Colocar na marxe superior esquerdo do parabrisas co texto “OUVREUR ANº”...

8.- As identificacións serán nominativas para cada concursante e intransferibles.

9.- A entrada dos vehículos “ouvreur” nos treitos cronometrados efectuarase, despois do paso do vehículo de megafonía e saíndo o 1º “ouvreur” 55 minutos antes da hora de saída teórica do primeiro participante .

10.- Os vehículos “ouvreur” circularán polo treito cronometrado ca debida precaución, tendo en conta que existe tráfico de outros vehículos da organización e espectadores que se despracen a pe.

11.- A súa velocidade, en consecuencia do anterior, será reducida e deberán circular en todo momento no sentido da marcha do Rallye e sen abandonar por ningún motivo o itinerario do mesmo.

12.- Se dentro do treito cronometrado son alcanzados por algún dos vehículos “0” da organización e si así se lles indica, deberán deterse inmediatamente, aparcarse nun sitio seguro e non reanudar a súa marcha ata despois do paso do vehículo “00 - escoba” que abra de novo a circulación.

13.- No momento da retirada do equipo o que pertenza o “ouvreur”, a súa placa de “ouvreur” queda automaticamente anulada e por tanto no está autorizado a seguir circulando polos treitos cronometrados despois do peche dos mesmos.

14.- Calquera incumprimento esta normativa por parte dos condutores dos vehículos “ouvreur”, entrañará a retirada inmediata da súa identificación, ocasionando a exclusión na proba, do equipo correspondente.

## PLAN DE ACTUACION DOS RELACIONS COS PARTICIPANTES



**TITULAR**

Noemí Blas Prieto  
Licenza: GA-0122-OA  
Telefono: 625 43 35 66



**ADXUNTO**

José Manuel Porto Amil  
Teléfono: 609 21 93 36

### IDENTIFICADO CUN PETO LARANXA CO TEXTO “RELACIONS COS PARTICIPANTES”

#### VENRES 09

**18:00 a 19:15** Nas verificacións Administrativas na Casa da Cultura

**19:30 a 20:30** Nas verificacións Técnicas na nave de Autobuses Raúl

**22:30 a 23:45** Na oficina Permanente do Rallye na Casa da Cultura

#### SABADO 10

**07:45 a 10:30** No parque Pechado no Parque da Canuda

**10:50 a 13:15** No parque de Asistencia na Campa de Oleiros

**15:45 a 17:45** No parque Pechado no Parque da Canuda

**18:15 a 20:30** No parque de Asistencia na Campa de Oleiros

**21:20 a 22:45** No parque Pechado no Parque da Canuda

**23:00 a 00:45** Na oficina Permanente do Rallye na Casa da Cultura

E en todo momento da proba a través do teléfono

## **NOTA PARA OS PILOTOS**

Infórmasevos, que o funcionamento do control da entrada o Parque de Asistencia así coma o de saída funcionan coma un control horario normal, como os que hai antes da saída dun treito.

Exemplo: se teño que entrar as 20:08', non penalizo entrando entre as 20:08'00'' e as 20:08'59''. Todo o que sexa fora de esa franxa penaliza, xa sexa ben por atraso ou por adianto.

¡¡Olló!! Teranse en conta as penalizacións xa que e un sector máis do rallye.

Darásevos o carnet de Ruta da 1ª sección 10 minutos antes da vosa hora prevista de saída, na entrada para pilotos do parque Pechado na Canuda.

**Pídese encarecidamente os pilotos que abandonen, que por favor comuniquen o seu abandono e motivo do mesmo, no teléfono de emerxencia da organización coa maior brevidade posible, grazas.**

